

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE INDUSTRIA, ENERGÍA E TURISMO

3376 *Real decreto 216/2014, do 28 de marzo, polo que se establece a metodoloxía de cálculo dos prezos voluntarios para o pequeno consumidor de enerxía eléctrica e o seu réxime xurídico de contratación.*

I

Os prezos voluntarios para o pequeno consumidor e as tarifas de último recurso encóntranse regulados no artigo 17 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico.

Neste artigo defínense os prezos voluntarios para o pequeno consumidor como os prezos máximos que poderán cobrar os comercializadores que, a teor do previsto na letra f) do artigo 6 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, asuman as obrigacións de subministración de referencia, a aqueles consumidores que, de acordo coa normativa vixente, cumpran os requisitos para que lles resulten de aplicación. Así mesmo, defínense as tarifas de último recurso como aqueles prezos de aplicación a categorías concretas de consumidores de acordo co disposto na citada lei e na súa normativa de desenvolvemento. Estas tarifas de último recurso resultarán de aplicación aos consumidores que teñan a condición de vulnerables, e a aqueles que, sen cumprir os requisitos para a aplicación do prezo voluntario para o pequeno consumidor, transitoriamente non dispoñan dun contrato de subministración en vigor cun comercializador en mercado libre.

O prezo voluntario ao pequeno consumidor substitúe as tarifas de último recurso existentes até a aprobación da citada Lei 24/2013, do 26 de decembro, cuxa regulación se establecía tanto no Real decreto 485/2009, do 3 de abril, polo que se regula a posta en marcha da subministración de último recurso no sector da enerxía eléctrica, que no seu artigo 7 establecía a metodoloxía de cálculo e revisión das tarifas de último recurso, como na Orde ITC/1659/2009, do 22 de xuño, pola que se establece o mecanismo de traspaso de clientes do mercado a tarifa á subministración de último recurso de enerxía eléctrica e o procedemento de cálculo e estrutura das tarifas de último recurso de enerxía eléctrica.

O mencionado artigo 17 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, determina no seu número 2 que para o cálculo dos prezos voluntarios se incluírá de forma aditiva na súa estrutura o custo de produción de enerxía eléctrica, ademais das peaxes de acceso, cargos e os custos de comercialización que correspondan. Así mesmo, establece que o custo de produción se determinará conforme mecanismos de mercado nos termos que se desenvolvan regulamentariamente.

Ademais do anterior, o artigo 17.4 dispón que o Goberno establecerá a metodoloxía de cálculo dos prezos voluntarios para o pequeno consumidor e das tarifas de último recurso e que, por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, se ditarán as disposicións necesarias para o seu establecemento.

No presente real decreto determínase a estrutura dos prezos voluntarios para o pequeno consumidor, antes tarifas de último recurso, que serán de aplicación aos consumidores de baixa tensión con potencia contratada de até 10 kW. Así mesmo, fíxase o procedemento de cálculo do custo de produción de enerxía eléctrica que incluírá o prezo voluntario para o pequeno consumidor, de tal forma que se respecte o principio de suficiencia de ingresos, aditividade e que non ocasionen distorsións da competencia no mercado, tal e como exige a norma, posibilitando a súa revisión.

Até a data, o citado custo de produción estimouse a partir do método de cálculo previsto na normativa anterior tomando como referencia o resultado da poxa que, para tal efecto, se celebraba. Estas poxas, denominadas poxas CESUR, encóntranse reguladas na Orde ITC/1601/2010, do 11 de xuño, pola que se regulan as poxas CESUR a que se

refire a Orde ITC/1659/2009, do 22 de xuño, para os efectos da determinación do custo estimado dos contratos grosistas para o cálculo da tarifa de último recurso.

Este mecanismo é un mecanismo de contratación a prazo, para un horizonte trimestral, no que viñan participando os comercializadores de último recurso (agora comercializadores de referencia) como adquirentes de enerxía eléctrica para a subministración aos consumidores acollidos á tarifa de último recurso (agora ao prezo voluntario para o pequeno consumidor).

A última poxa CESUR celebrada o 19 de decembro de 2013 non foi validada pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia como entidade supervisora desta, en cumprimento do artigo 6 da Orde ITC/1601/2010, do 11 de xuño, e do artigo 14.1 da Orde ITC/1659/2009, do 22 de xuño, á vista da concorrencia de determinadas circunstancias atípicas. Posteriormente, e con data do 7 de xaneiro de 2014, a referida Comisión aprobou o Informe sobre o desenvolvemento da 25ª poxa CESUR no cal, tras unha análise máis detallada dos datos dispoñibles, confirmou e completou as razóns que levaron a propor a non validación da poxa. En concreto, no seu informe considera que concorreron «circunstancias atípicas» que impediron que a poxa se desenvolvese nun contorno de «suficiente presión competitiva».

Ante a necesidade de fixación dun prezo voluntario para o pequeno consumidor con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2014, e tendo en conta a proposta da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia do 26 de decembro de 2013 para o establecemento dun procedemento que permitise a determinación do prezo da electricidade a partir do 1 de xaneiro de 2014, por medio do Real decreto lei 17/2013, do 27 de decembro, polo que se determina o prezo da enerxía eléctrica nos contratos suxeitos ao prezo voluntario para o pequeno consumidor no primeiro trimestre de 2014, estableceuse o mecanismo para determinar o prezo dos contratos grosistas que se van utilizar como referencia para a fixación do prezo voluntario para o pequeno consumidor para o primeiro trimestre deste exercicio 2014.

Estes feitos acaecidos recentemente puxeron de manifesto a necesidade de proceder a unha revisión do mecanismo vixente para a determinación do custo de produción de enerxía eléctrica.

Así, mediante este real decreto establécese que a determinación do custo de produción de enerxía eléctrica se realizará con base no prezo horario do mercado diario durante o período a que corresponda a facturación.

A facturación será efectuada polo comercializador de referencia que corresponda con base en lecturas reais e considerando os perfís de consumo, salvo para aquelas subministracións que contén con equipamentos de medida con capacidade para telemedida e telexestión, e efectivamente integrados nos correspondentes sistemas, nos cales a facturación se realizará considerando os valores horarios de consumo.

Deste modo, o mecanismo establecido no presente real decreto supón un cambio de modelo, pasando dun modelo en que o prezo do custo estimado da enerxía se fixaba a priori a través dun mecanismo cun prezo de futuro como era o caso das poxas CESUR, a un mecanismo en que o consumidor aboará o custo que tivo no mercado a enerxía consumida no período.

O aseguramento dun prezo estable durante un período implica un custo que estaba implícito no custo da enerxía resultante da poxa.

O novo mecanismo proposto suporá un aforro para os consumidores que, con carácter xeral, non terán que facer fronte ao pagamento do custo de aseguramento no prezo dun produto negociado nun mercado de futuros. A cambio, percibirán as variacións de prezo resultantes do distinto prezo da enerxía en cada momento.

Este novo mecanismo permitirá, por tanto, lograr unha maior transparencia na fixación do prezo, eliminar a participación do Goberno, que convocaba as poxas CESUR, así como reducir os prezos para o consumidor ao diminuír o custo do aseguramento e, en definitiva, dar un maior sinal de prezo, o que fomentará comportamentos de consumo máis eficientes.

Ademais, e en desenvolvemento do artigo 46.1.q) da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do prezo voluntario para o pequeno consumidor e para aqueles que se poidan acoller a el, neste real decreto prevese como alternativa que o consumidor poida contratar co comercializador de referencia un prezo fixo da enerxía durante un ano. Desta forma, preténdese ofertar un prezo máis estable para o consumidor, aínda que cun maior custo de aseguramento. Este prezo será público, transparente e comparable.

II

Tendo en conta o anterior, e dentro das revisións normativas necesarias, o obxecto do presente real decreto é establecer a metodoloxía para o cálculo dos prezos voluntarios para o pequeno consumidor en desenvolvemento do número 4 do artigo 17 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico.

Así mesmo, incorpóranse as previsións necesarias para o cálculo e aplicación das tarifas de último recurso a que se poderán acoller os consumidores vulnerables e os consumidores que, sen ter dereito ao prezo voluntario para o pequeno consumidor, transitoriamente carezan dun contrato cun comercializador en mercado libre.

Adicionalmente, o artigo 2 do Real decreto lei 17/2013, do 27 de decembro, polo que se determina o prezo da enerxía eléctrica nos contratos suxeitos ao prezo voluntario para o pequeno consumidor no primeiro trimestre de 2014, prevé o mecanismo de cobertura dos comercializadores de referencia que se aplicará no primeiro trimestre de 2014. Entre outros aspectos, determina no seu número 3 que a contía das cantidades resultantes por aplicación da liquidación por diferenzas de prezos será incorporada, se for o caso, no cálculo do prezo voluntario ao pequeno consumidor do período seguinte, e sinala, así mesmo, que se procederá á realización das oportunas regularizacións das cantidades correspondentes a cada comercializador de referencia.

Por isto, no presente real decreto desenvólvense os aspectos necesarios para a realización das oportunas regularizacións das cantidades correspondentes a cada comercializador de referencia.

Ademais do anterior, régulanse nesta norma as condicións do contrato de subministración a prezo voluntario para o pequeno consumidor, co fin de establecer un contido homoxéneo dos ditos contratos, ao abeiro do previsto na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico.

Por outro lado, a raíz da Sentenza do 5 de abril de 2011, da Sala Terceira do Tribunal Supremo, que anula o artigo 2 do Real decreto 485/2009, do 3 de abril, resulta necesario revisar os criterios para determinar qué empresas comercializadoras deben prestar a subministración de referencia.

Así, a obrigação de subministración a prezo voluntario para o pequeno consumidor e a tarifa de último recurso configúranse como unha obrigação de servizo público.

O artigo 6.1.f) da Lei 24/2013, do 26 de decembro, determina que regulamentariamente se establecerá o procedemento e requisitos para ser comercializador de referencia.

Dando cumprimento ao anterior, o presente real decreto prevé que terán a obrigação de realizar esta actividade os grupos empresariais, tal como se definen no artigo 42 do Código de comercio, que subministrasen a máis de 100.000 clientes ou a 25.000 clientes no caso das cidades de Ceuta e Melilla, de media nos últimos doce meses, ao ser o número de clientes a principal variable que permite asegurar a súa capacidade técnica, e procede á designación expresa de cinco empresas, que xa viñan desenvolvendo esta actividade, e á obrigação para outros tres grupos empresariais de propor unha comercializadora de referencia ao ministro de Industria, Enerxía e Turismo.

Do mesmo modo, e por se tratar do exercicio dunha obrigação de servizo público, o texto establece os requisitos que garanten a protección do consumidor, así como o cumprimento das obrigações para a sustentabilidade do sistema eléctrico, que deberán cumprir aquelas outras sociedades que queiran exercer tamén a subministración a prezo voluntario para o pequeno consumidor. En particular ter un número de clientes de media

nos últimos doce meses superior a 25.000, e cumprir uns requisitos relativos a capital social mínimo e antigüidade no exercicio da actividade.

Para posibilitar a adecuada implementación do mecanismo establecido no presente real decreto, prevese un período transitorio para a adaptación dos sistemas por parte dos comercializadores de referencia. Ademais, facilítase a dita adaptación mediante a posta á súa disposición por parte do operador do sistema da información necesaria para realizar a facturación aos consumidores.

Así mesmo, refórzanse as obrigacións de información das empresas comercializadoras aos consumidores con dereito a quedar acollidos ao prezo voluntario para o pequeno consumidor, establecendo un papel activo da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia tanto na supervisión das ditas empresas como na implementación das medidas necesarias para facilitar ao consumidor o acceso á información e o cofecemento do sistema eléctrico.

Tendo en conta o contido da presente norma, procédese á derogación do Real decreto 485/2009, do 3 de abril, polo que se regula a posta en marcha da subministración de último recurso no sector da enerxía eléctrica, e de determinados preceptos da Orde ITC/1659/2009, do 22 de xuño, pola que se establece o mecanismo de traspaso de clientes do mercado a tarifa á subministración de último recurso de enerxía eléctrica e o procedemento de cálculo e estrutura das tarifas de último recurso de enerxía eléctrica, e da Orde ITC/1601/2010, do 11 de xuño, pola que se regulan as poxas CESUR a que se refire a Orde ITC/1659/2009, do 22 de xuño, para os efectos da determinación do custo estimado dos contratos grosistas para o cálculo da tarifa de último recurso.

De acordo co establecido no artigo 5.2.a) da Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, o disposto no presente real decreto foi obxecto de informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia. O trámite de audiencia deste real decreto cumpriuse mediante consulta aos representantes no Consello Consultivo de Electricidade, de acordo co previsto na disposición transitoria décima da citada Lei 3/2013, do 4 de xuño.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de marzo de 2014,

DISPOÑO:

TÍTULO I

Obxecto e ámbito de aplicación

Artigo 1. *Obxecto.*

Constitúe o obxecto desta norma:

a) O establecemento dos criterios para designar os comercializadores de referencia e as obrigacións destes en relación coa subministración a determinados colectivos de consumidores que contraten con eles os prezos que se determinen de acordo co disposto no presente real decreto.

b) O establecemento da metodoloxía de cálculo dos prezos voluntarios para o pequeno consumidor e das tarifas de último recurso.

c) A fixación das condicións de ofertas a prezo único dos comercializadores de referencia para os consumidores con dereito aos prezos voluntarios para o pequeno consumidor (PVPC), así como as condicións mínimas destes contratos.

d) A regulación das condicións dos contratos de subministración cos comercializadores de referencia e o seu contido mínimo.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Este real decreto será de aplicación aos comercializadores de referencia, aos consumidores con dereito a quedaren acollidos aos prezos voluntarios para o pequeno consumidor ou ás tarifas de último recurso, así como aos demais suxeitos e axentes que participen nos mecanismos que se establezan para a fixación dos ditos prezos de acordo coa normativa de aplicación.

TÍTULO II

Comercializadores de referencia

Artigo 3. *Requisitos dos comercializadores de referencia.*

1. Terán a condición de comercializadores de referencia en todo o territorio español e a obrigaón de asumir a subministración aos consumidores de enerxía eléctrica que se determinan no artigo 4 do presente real decreto os comercializadores que, para tal fin, sexan designados por estaren integrados nos grupos empresariais, tal como se definen no artigo 42 do Código de comercio, que subministrasen no territorio español a máis de 100.000 clientes de media nos últimos doce meses.

No caso das cidades de Ceuta e Melilla, o número de subministracións de enerxía eléctrica deberá superar os 25.000 clientes de media nos últimos doce meses e a obrigaón poderá alcanzar unicamente o territorio da cidade autónoma respectiva.

Cada catro anos revisarase a obrigaón e os criterios para ser designado por real decreto comercializador de referencia atendendo ao grao de liberalización do mercado e para adecualos á situación do sector eléctrico.

2. Poderán ser comercializadores de referencia en todo o territorio español as empresas comercializadoras de enerxía eléctrica que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Ter un capital social mínimo de 500.000 euros.
- b) Ter desenvolvido a actividade de comercialización de enerxía eléctrica para a subministración a consumidores durante os últimos tres anos, mantendo durante este tempo ininterrompidamente o cumprimento dos requisitos de capacidade legal, técnica e económica exixidos no título V do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.

En particular, as empresas comercializadoras deberán acreditar que cumpriron a obrigaón de adquirir a enerxía necesaria para o desenvolvemento das súas actividades, establecida no artigo 46.1.c) da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico.

c) Non ter sido inhabilitada para o exercicio da actividade de comercialización nos últimos tres anos, nin ter sido sancionada pola comisión dunha infracción administrativa grave ou moi grave en materia de comercialización de enerxía eléctrica mediante resolución firme en vía administrativa, no último ano ou nos últimos tres anos, respectivamente, nin pertencer a ningún grupo empresarial ou empresas vinculadas que o fosen.

d) Non ter visto traspasados os seus clientes nos últimos tres anos mediante resolución firme en vía administrativa, nin pertencer a ningún grupo empresarial ou empresas vinculadas que, tendo exercido a actividade de comercialización, vise traspasados os seus clientes.

e) Ter un número mínimo de 25.000 clientes de media nos últimos doce meses no territorio español.

As empresas que cumpran os requisitos anteriores poderán solicitar ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo a súa designación como comercializadores de referencia, xuntando a documentación que acredite o cumprimento dos requisitos.

O ministro de Industria, Enerxía e Turismo adoptará, logo de informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, a resolución que corresponda no prazo

máximo de tres meses. A orde pola que se designe a solicitante comercializadora de referencia deberá ser publicada no «Boletín Oficial del Estado», sen prexuízo da súa inclusión na listaxe de comercializadores de referencia publicada na páxina web da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia cos seus datos de contacto actualizados.

3. Para os efectos de acreditar o cumprimento da condición recollida no número 2.b), a solicitude de designación de comercializador de referencia deberá ir acompañada de senllos certificados emitidos polo operador do sistema e, se for o caso, o operador do mercado, en que se declare que a interesada se mantivo no cumprimento dos requisitos de capacidade técnica e económica exixidos na normativa durante os últimos tres anos.

Así mesmo, para a acreditación da capacidade legal, o interesado deberá achegar comprobante de condición de sociedade mercantil debidamente inscrita no rexistro correspondente ou equivalente no seu país de orixe, e contar cun obxecto social que acredite a capacidade para vender e comprar enerxía eléctrica sen limitacións ou reservas ao exercicio da dita actividade.

4. Os comercializadores de referencia designados conforme o número 2 deberanse manter no cumprimento deses requisitos durante o exercicio da súa actividade.

Para estes efectos, o órgano competente para inspeccionar ou para sancionar, segundo proceda, deberá comunicar á Secretaría de Estado de Enerxía tanto calquera incumprimento destes requisitos como a imposición de sancións en materia de comercialización de enerxía eléctrica no prazo máximo dun mes desde que sexan firmes en vía administrativa.

En caso de que un comercializador de referencia incumpra algún dos requisitos exixidos para o exercicio da súa actividade, o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo poderá, logo de audiencia do interesado, declarar a extinción da habilitación para actuar como comercializador, así como o traspaso dos clientes do dito comercializador a outro comercializador de referencia, nos termos previstos no artigo 47.2 da Lei 24/2013, do 26 de decembro.

5. Os comercializadores de referencia designados conforme o número 2 que desexen deixar de ser comercializadores de referencia poderano facer sempre que tivesen tal condición durante un período mínimo de catro anos, e de acordo cos requisitos e o procedemento que regulamentariamente se establezan.

Artigo 4. *Subministracións dos comercializadores de referencia.*

1. De conformidade co disposto na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, os comercializadores de referencia deberán atender as solicitudes de subministración de enerxía eléctrica e formalizar os correspondentes contratos cos consumidores seguintes:

a) Os que, cumprindo os requisitos previstos no artigo 5, opten por acollerse ao prezo voluntario para o pequeno consumidor calculado de acordo co previsto no título III.

b) Os que, cumprindo os requisitos previstos no artigo 5 para acollerse ao prezo voluntario para o pequeno consumidor, soliciten contratar ao prezo fixo de subministración ofertado conforme o disposto no título IV.

c) Os que teñan a condición de vulnerables e lles resulten de aplicación as tarifas de último recurso de acordo co previsto no artigo 17.3 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, e no título V deste real decreto.

d) Os que, sen cumpriren os requisitos para a aplicación do prezo voluntario para o pequeno consumidor, transitoriamente carezan de contrato en vigor cun comercializador libre e lles resulten de aplicación as correspondentes tarifas de último recurso de acordo co previsto no artigo 17.3 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, e no título V deste real decreto.

e) Os que, como consecuencia do incumprimento dos requisitos exixidos para o exercicio da actividade de comercialización dunha empresa comercializadora, sexan

obxecto de traspaso de acordo co disposto no artigo 47.2 da Lei 24/2013, do 26 de decembro.

Para os efectos das letras d) e e), o comercializador de referencia obrigado a atender a subministración destes consumidores será aquel que pertenza ao mesmo grupo empresarial ou sexa participado directa ou indirectamente polo distribuidor a que estea conectada a subministración. Nos casos en que a empresa distribuidora pertenza ou participe directa ou indirectamente en máis dun grupo empresarial que conte con empresa comercializadora de referencia, os consumidores pasarán ao comercializador de referencia do mesmo grupo empresarial.

No caso de que a empresa distribuidora non pertenza ao mesmo grupo empresarial nin participe directa ou indirectamente nun comercializador de referencia, o comercializador de referencia será o pertencente ao grupo empresarial propietario da rede de distribución conectada á rede do distribuidor ao cal a subministración estea directamente conectada.

2. Non obstante, o comercializador de referencia quedará exceptuado da obrigaón establecida no número anterior cando o contrato de subministración ou de acceso previo fose rescindido por impagamento ou cando o consumidor estea incurso nun procedemento de suspensión da subministración por falta de pagamento. Nestes casos, resultará de aplicación o previsto no artigo 86.2 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.

3. Os comercializadores de referencia levarán na súa contabilidade interna contas separadas, diferenciando os ingresos e os gastos estritamente imputables á subministración realizada a aqueles consumidores acollidos a prezo voluntario para o pequeno consumidor.

TÍTULO III

Prezos voluntarios para o pequeno consumidor

CAPÍTULO I

Definición e estrutura dos prezos voluntarios para o pequeno consumidor

Artigo 5. *Definición e condicións de aplicación dos prezos voluntarios para o pequeno consumidor.*

1. Os prezos voluntarios para o pequeno consumidor serán os prezos máximos que poderán cobrar os comercializadores de referencia aos consumidores que se acollan ao dito prezo, de acordo co disposto no artigo 17 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, e nos termos previstos neste real decreto.

2. Os prezos voluntarios para o pequeno consumidor serán os resultantes de aplicar a metodoloxía de cálculo prevista no presente real decreto e fixaranse considerando a estrutura de peaxes de acceso e cargos en vigor en cada momento.

3. Poderanse acoller aos prezos voluntarios para o pequeno consumidor os titulares dos puntos de subministración efectuados a tensións non superiores a 1 kV e con potencia contratada menor ou igual a 10 kW. O dito límite de potencia poderá ser modificado por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

4. Entenderase que un consumidor se acolle ao prezo voluntario para o pequeno consumidor cando, cumprindo os requisitos para poderse acoller ao dito prezo, sexa subministrado e formalizase o correspondente contrato de subministración cun comercializador de referencia e non se acollese expresamente a outra modalidade de contratación.

5. Salvo manifestación expresa en contrario por parte do consumidor, a modalidade de contratación co comercializador de referencia será a prezo voluntario para o pequeno consumidor.

Entenderase que o consumidor realizou manifestación expresa sempre que esta sexa acreditada por calquera medio contrastable que permita garantir a súa identidade.

6. Os prezos voluntarios para o pequeno consumidor non incluírán ningún outro produto ou servizo, sexa enerxético ou non, ofrecido directamente polo comercializador de referencia ou por terceiros, sen prexuízo do previsto no artigo 7.6 deste real decreto.

No caso de que o consumidor optase por alugar á empresa distribuidora o equipamento de medida, deberase especificar separadamente o seu prezo, facendo constar a normativa pola que foi establecido.

7. De conformidade co artigo 17.5 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, sobre os prezos voluntarios para o pequeno consumidor para cada categoría de consumo aplicaranse os correspondentes impostos.

8. A duración dos contratos de subministración a prezo voluntario para o pequeno consumidor será anual e prorrogarase automaticamente por prazos iguais. Para estes efectos, o comercializador de referencia deberá remitir ao consumidor unha comunicación, por escrito ou por calquera medio en soporte duradeiro, cunha antelación mínima de dous meses onde conste a data de finalización do contrato. Na dita comunicación indicárase expresamente que se o consumidor non solicita un novo contrato, xa sexa co comercializador de referencia ou con calquera outro comercializador, a partir da data de finalización seguiralle sendo de aplicación o prezo voluntario para o pequeno consumidor co mesmo comercializador de referencia, indicando as condicións do contrato correspondentes a este.

Non obstante o anterior, o consumidor terá a facultade de resolver o contrato antes da súa finalización ou da finalización de calquera das súas prórrogas, sen custo ningún.

No caso de que a resolución do contrato sexa motivada por un cambio de comercializador, o consumidor comunicará ao comercializador entrante para efectos de que este o comunique ao distribuidor que corresponda e se inicie o procedemento de cambio de comercializador.

9. O prazo máximo para o cambio de comercializador dos consumidores con dereito a quedaren acollidos ao prezo voluntario para o pequeno consumidor será de 21 días, contados desde a recepción da solicitude de cambio polo distribuidor, e sen prexuízo de que o prazo máximo de peche das liquidacións co comercializador saínte será de 42 días, contados a partir da data en que se produza o cambio de comercializador.

Non obstante o anterior, naqueles puntos de subministración en que non sexa preciso realizar actuacións sobre as instalacións, o consumidor poderá optar por que o cambio de comercializador se faga dentro do prazo máximo de 15 días seguintes á solicitude, cando corresponda segundo ciclo de lectura ou tamén en data elixida por el, o que comunicará ao comercializador.

Naqueles puntos de subministración en que se precise que o distribuidor realice actuacións sobre as instalacións, o cambio producirase cando se realicen as citadas actuacións que, en todo caso, se deberán axustar aos prazos máximos establecidos. Con este fin o distribuidor procederá a realizar o peche de lecturas xunto coas actuacións nas instalacións.

10. Para o peche da facturación, a estimación de medida cando o cambio de comercializador ou de modalidade de contratación se produza fóra de ciclo de lectura realizarase conforme o método de estimación de medidas vixente para o cambio de comercializador.

Artigo 6. *Cálculo dos prezos voluntarios para o pequeno consumidor.*

1. Os prezos voluntarios para o pequeno consumidor determinaranse de acordo cos mecanismos previstos no presente real decreto e na súa normativa de desenvolvemento.

2. Os prezos voluntarios para o pequeno consumidor calcularanse incluíndo de forma aditiva os seguintes conceptos:

a) O custo de produción de enerxía eléctrica, que se determinará con base no prezo horario dos mercados diario e intradiario durante o período a que corresponda a facturación, os custos dos servizos de axuste do sistema e, se for o caso, outros custos asociados á subministración conforme se establece no presente real decreto.

A facturación efectuaráa o comercializador de referencia que corresponda con base en lecturas reais de acordo co previsto na normativa de aplicación. No caso de subministracións que contén con equipamentos de medida con capacidade para telemedida e telexestión, e efectivamente integrados nos correspondentes sistemas, a facturación realizarase considerando os valores horarios de consumo postos á disposición ou, se for o caso, remitidos polo encargado da lectura. Non obstante o anterior, cando a subministración non dispoña de equipamento de medida con capacidade para telemedida e telexestión, e efectivamente integrado nos correspondentes sistemas, a facturación realizarase aplicando ás lecturas reais por períodos postas á disposición dos comercializadores polos encargados da lectura os perfís de consumo calculados de conformidade co previsto no presente real decreto.

b) As peaxes de acceso e cargos que correspondan.

c) Os custos de comercialización que se determinan neste real decreto.

3. Con carácter xeral, a revisión dos compoñentes do custo de produción de enerxía eléctrica dos prezos voluntarios para o pequeno consumidor a que se refire o número 2 que, se for o caso, procedan, realizarase de acordo co previsto no presente real decreto, sen prexuízo das revisións das peaxes de acceso, cargos e outros custos regulados.

4. A periodicidade da lectura e a facturación, así como a forma de proceder naqueles supostos en que non se dispoña de lectura real, realizarase de acordo co disposto no Real decreto 1718/2012, do 28 de decembro, polo que se determina o procedemento para realizar a lectura e facturación das subministracións de enerxía en baixa tensión con potencia contratada non superior a 15 kW.

Artigo 7. Estructura xeral dos prezos voluntarios para o pequeno consumidor.

1. Os prezos voluntarios para o pequeno consumidor determinaranse a partir da peaxe de acceso asociada a cada punto de subministración e estarán compostos por un termo de potencia, un termo de enerxía da peaxe de acceso, un termo correspondente ao custo horario da enerxía e, se for o caso, un termo da enerxía reactiva.

2. O termo de potencia do prezo voluntario para o pequeno consumidor, TPU, expresado en euros/kW e ano, será o termo de potencia da peaxe de acceso e cargos máis a marxe de comercialización calculado de acordo coa seguinte fórmula:

$$TPU = TPA + MCF$$

Onde:

TPU: termo de potencia do PVPC.

TPA: termo de potencia da peaxe de acceso e cargos de aplicación á subministración, expresado en euros/kW e ano.

MCF: marxe de comercialización, expresada en euros/kW e ano, que será fixada por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, logo do Acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

3. O termo de enerxía do prezo voluntario para o pequeno consumidor no período tarifario p, TEUp, expresado en euros/kWh, será igual ao termo de enerxía da correspondente peaxe de acceso e cargos, calculados de acordo coa seguinte fórmula:

$$TEUp = TEAp$$

Onde:

p: subíndice que identifica cada período tarifario da peaxe de acceso.

TEUp: termo de enerxía do PVPC no período tarifario p, segundo corresponda.

TEAp: termo de enerxía da peaxe de acceso e cargos no período tarifario p, segundo corresponda, de aplicación á subministración, expresado en euros/kWh.

4. O termo de custo horario de enerxía do prezo voluntario para o pequeno consumidor, TCUh, será igual á suma do termo de custo de produción, de acordo coa seguinte fórmula:

$$TCUh = (1 + PERDh) \times CPh$$

TCUh: termo de custo horario de enerxía do PVPC en cada hora, expresado en euros/kWh.

CPh: custo de produción da enerxía subministrada en cada hora expresado en euros/kWh.

PERDh: coeficiente de perdas da peaxe de acceso de aplicación á subministración na hora h, de acordo co establecido na disposición adicional cuarta.2a).

5. Se for o caso, o termo de enerxía reactiva, expresado en euros/kVArh, que se determinará de acordo coas condicións que se establecen para a aplicación deste termo no Real decreto 1164/2001, do 26 de outubro, polo que se establecen tarifas de acceso ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica.

6. Nas cantidades resultantes da aplicación destes prezos, de acordo co disposto no artigo 17.5 e 17.6. da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, non se incluírán os impostos, recargas e gravames tanto sobre o consumo e subministración de enerxía eléctrica con repercusión obrigatoria e que as empresas comercializadoras de referencia estean encargadas de ingresar como suxeitos pasivos, como sobre os pagamentos a que se refire o artigo 14.9 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, nin aqueloutros cuxa repercusión sobre o usuario veña exixida pola normativa vixente.

7. O operador do sistema realizará os cálculos daqueles valores dos compoñentes do prezo voluntario para o pequeno consumidor que se determinan neste real decreto, e publicará na súa páxina web o día anterior ao da subministración para cada unha das 24 horas do día seguinte a información de acordo co establecido no anexo I.

Os valores publicados consideraranse firmes para efectos da súa utilización polos comercializadores de referencia para a facturación aos consumidores.

8. O operador do sistema remitirá á Secretaría de Estado de Enerxía un informe trimestral de seguimento da evolución dos termos de custo de produción (CPh) e de custo horario de enerxía, incluíndo o detalle dos diferentes compoñentes, en que figuren os valores reais de acordo co previsto na normativa e a súa comparación cos valores utilizados para o cálculo do prezo voluntario do pequeno consumidor no mesmo período analizado.

Artigo 8. Determinación dos compoñentes da facturación dos prezos voluntarios para o pequeno consumidor.

A facturación do prezo voluntario para o pequeno consumidor estará composta pola suma dos termos de facturación de potencia, de facturación de enerxía activa e, se for o caso, de facturación de enerxía reactiva, que se calcularán de acordo co indicado nos números seguintes:

1. Termo de facturación de potencia (FPU): o termo de facturación anual de potencia, expresado en euros, será o produto da potencia para facturar, Pot, expresada en kW, polo

prezo do termo de potencia do prezo voluntario para o pequeno consumidor, TPU, expresado en euros/kW e ano, de acordo coa fórmula seguinte:

$$FPU = TPU \times Pot$$

A facturación deste termo realizarase de forma proporcional ao número de días do ano incluídos no período de facturación correspondente.

A potencia para facturar (Pot) será a potencia contratada, naqueles casos en que o control de potencia se realice limitando a potencia utilizada á contratada, ben mediante contador que incorpore o control de potencia ou mediante interruptores de control de potencia (ICP).

A potencia contratada será a necesaria para cubrir a máxima potencia que se demande considerando todos os períodos tarifarios.

Nos casos previstos en que o control de potencia se realice por medio dun maxímetro a potencia para facturar calcularase segundo o seguinte:

- a) Se a potencia máxima demandada rexistrada estiver dentro do 85 ao 105 por cento respecto á contratada, a dita potencia rexistrada será a potencia para facturar (Pot).
- b) Se a potencia máxima demandada rexistrada for superior ao 105 por cento da potencia contratada, a potencia para facturar (Pot) será igual ao valor rexistrado máis o dobre da diferenza entre o valor rexistrado e o valor correspondente ao 105 por cento da potencia contratada.
- c) Se a potencia máxima demandada for inferior ao 85 por cento da potencia contratada, a potencia para facturar (Pot) será igual ao 85 por cento da citada potencia contratada.

2. Termo de facturación de enerxía activa (FEU): o termo de facturación de enerxía activa para o período de facturación correspondente, expresado en euros, será o sumatorio resultante de multiplicar a enerxía consumida durante o período de facturación en cada período tarifario polo prezo do termo de enerxía correspondente de acordo coas fórmulas seguintes:

a) No caso de subministracións que contén con equipamentos de medida con capacidade para telemedida e telexestión, e efectivamente integrados nos correspondentes sistemas, obterase:

$$FEU = \sum_{p \in \text{período facturación}} [(E_p * TEU_p) + \sum_{h \in p} (E_{ph} * TCUh)]$$

Onde:

E_p = enerxía consumida no período tarifario p expresada en kWh.

E_{ph} = enerxía consumida na hora h do período tarifario p , expresada en kWh.

TEU_p = prezo do termo de enerxía do prezo voluntario para o pequeno consumidor do período tarifario p , expresado en euros/ kWh.

TCU_h : prezo do termo de custo horario de enerxía do prezo voluntario para o pequeno consumidor, en cada hora h , calculado de acordo co presente título, expresado en euros/ kWh.

b) Mentres non se dispoña de equipamentos de medida con capacidade para telemedida e telexestión, e efectivamente integrados nos correspondentes sistemas, calcularase de acordo co seguinte:

$$FEU = \sum_{p \in \text{período facturación}} E_p * [TEU_p + \frac{\sum_{h \in p} (TCU_h * ch)}{\sum_{h \in p} ch}]$$

E_p = enerxía consumida no período tarifario p expresada en kWh.

TEU_p = prezo do termo de enerxía do prezo voluntario para o pequeno consumidor do período tarifario p , expresado en euros/ kWh.

TCU_h : prezo do termo de custo horario de enerxía do prezo voluntario para o pequeno consumidor, en cada hora h , calculado de acordo co presente título, expresado en euros/ kWh.

ch : coeficiente horario do perfil de consumo axustado da hora h de aplicación á subministración para efectos de facturación do prezo voluntario para o pequeno consumidor.

Estes coeficientes horarios do perfil de consumo axustado serán calculados por Red Eléctrica de España, S.A., como operador do sistema, de acordo co previsto no presente real decreto, e publicados para cada semana eléctrica o xoves anterior a esta e posta á disposición dos suxeitos nun formato que permita o seu tratamento electrónico.

O operador do sistema calculará estes coeficientes horarios do perfil de consumo axustado a partir dos perfís iniciais aprobados por resolución do director xeral de Política Enerxética e Minas, en desenvolvemento do previsto no artigo 32 do Regulamento unificado de puntos de medida do sistema eléctrico, aprobado polo Real 1110/2007, do 24 de agosto, actualizando estes últimos coa mellor estimación de demanda dispoñible.

Para efectos de aplicación do previsto neste número para a facturación das subministracións que non dispoñan de equipamentos de medida con capacidade para telemedida e telexestión efectivamente integrados nos correspondentes sistemas, o operador do sistema calculará e porá á disposición dos suxeitos, de acordo co establecido no artigo 7.7 e nun formato que permita o seu tratamento electrónico, o valor do termo:

$$\frac{\sum_{h \in p} (TCU_h * ch)}{\sum_{h \in p} ch}$$

Adicionalmente, o operador do sistema facilitará, de acordo co establecido no artigo 7.7, e tendo en conta os prezos das peaxes de acceso en vigor para cada período tarifario, o valor do termo:

$$TEU_p + \frac{\sum_{h \in p} (TCU_h * ch)}{\sum_{h \in p} ch}$$

O operador do sistema implementará na súa páxina web unha ferramenta que permitirá obter cada unha das posibles combinacións destes termos para cada peaxe de acceso e período tarifario en función da data de inicio e fin de lectura no último ano móbil. Para efectos de aplicación destes termos na facturación ao consumidor considerarase que o día de lectura inicial estará excluído e o día de lectura final estará incluído. En todo caso, consignaranse de forma clara nas facturas as datas de inicio e fin do período de facturación que poden ser introducidas polo consumidor para efectos de utilización do simulador da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia a que fai referencia o artigo 20.3 deste real decreto.

3. Termo de facturación de enerxía reactiva: as condicións que se establecen para a aplicación do termo de facturación de enerxía reactiva, expresado en euros, así como as obrigacións en relación con el, serán as fixadas para a peaxe 2.0.A no Real decreto 1164/2001, do 26 de outubro, polo que se establecen as peaxes de acceso ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica.

CAPÍTULO II

Procedemento de cálculo do custo de produción de enerxía eléctrica

Artigo 9. *Determinación do custo de produción da enerxía.*

1. O custo de produción da enerxía que se vai considerar na fixación dos prezos voluntarios para o pequeno consumidor, CPh, tomará un valor diferente para cada hora h e calcularase de acordo coa seguinte fórmula:

$$CPh = (Pmh + SAh + OCh)$$

Onde:

h: hora de cada período tarifario a que corresponda a peaxe de acceso que se vai considerar no cálculo do prezo voluntario ao pequeno consumidor correspondente ao período de facturación entre dúas lecturas.

Pmh: prezo medio horario obtido a partir dos resultados do mercado diario e intradiario na hora h do período tarifario p segundo o establecido no artigo 10 deste real decreto.

SAh: valor do custo correspondente aos servizos de axuste do sistema asociados á subministración na hora h do período tarifario p. O valor de SAph calcularase segundo o establecido no artigo 11 do presente real decreto.

OCh: outros custos asociados á subministración que poderán incluír, entre outros, as contías correspondentes ao pagamento dos comercializadores para o financiamento da retribución do operador do mercado e do operador do sistema, así como os correspondentes aos mecanismos de capacidade e ao financiamento do servizo de interrompibilidade.

2. Os termos que compoñen o custo de produción da enerxía que estarán compostos polo prezo medio horario (Pmh), o custo correspondente aos servizos de axuste do sistema asociados á subministración (SAh), así como outros custos asociados á subministración (OCh), coa desagregación de cada un dos seus compoñentes, serán calculados polo operador do sistema de acordo co previsto no presente real decreto e publicados polo dito operador na súa páxina web antes das 20h 15 min do día anterior ao da subministración para cada unha das 24 horas do día seguinte. Para estes efectos, o operador do mercado porá á disposición do operador do sistema antes das 20h do día anterior os datos necesarios de prezos e cantidades resultantes do mercado diario e intradiario.

Artigo 10. *Determinación do custo da enerxía no mercado diario e intradiario.*

O prezo medio horario, Pm_h , obtido a partir dos resultados do mercado diario e intradiario na hora h obterase a partir do prezo marxinal do mercado diario nesa hora e do prezo do mercado intradiario nesa hora de acordo co seguinte:

$$Pmh = \frac{PMDh * EMDh + \sum_n (PMI_{h,n} * EMI_{h,n})}{EMDh + \sum_n EMI_{h,n}}$$

Onde:

PMD_h : prezo marxinal do mercado diario en cada hora h.

EMD_h : enerxía casada no mercado diario en cada hora h.

$PMI_{h,n}$: prezo marxinal na hora h da sesión n do mercado intradiario.

n: cada unha das sesións do mercado intradiario que sexan consideradas para efectos do cálculo de PMh de acordo co previsto no presente real decreto e que se poderán revisar por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo.

$EMI_{h,n}$: enerxía casada na hora h da sesión n do mercado intradiario.

Artigo 11. *Determinación do custo dos servizos de axuste do sistema.*

O valor do custo correspondente aos servizos de axuste do sistema asociados á subministración na hora h, SAh, calcularase de acordo coa seguinte fórmula:

$$SAh = PMASh + CDSVh$$

Onde:

PMASh: prezo horario de todos os servizos de axuste do sistema cuxo custo se asigna á demanda. O prezo horario PMASh será o correspondente á estimación realizada polo operador do sistema de acordo co previsto no presente real decreto e publicado o día anterior ao da subministración, para cada unha das 24 horas do día seguinte.

CDSVh: custo dos desvíos horarios por MWh consumido dos comercializadores de referencia correspondente á estimación realizada polo operador do sistema de acordo co previsto neste real decreto e publicado o día anterior ao da subministración, para cada unha das 24 horas do día seguinte.

Artigo 12. *Determinación do termo doutros custos que se incluírá no cálculo do termo da enerxía do prezo voluntario ao pequeno consumidor.*

O valor do custo correspondente a outros custos asociados á subministración no período tarifario p, OCh, calcularase de acordo coa seguinte fórmula:

$$OCh = CCOMh + CCOSh + CAPH + INTTh$$

Onde:

CCOMh: contía relativa ao pagamento dos comercializadores para o financiamento da retribución do Operador do Mercado Ibérico de Enerxía, Polo Español, expresada en euros/MWh e fixada de acordo coa normativa en vigor en cada momento. Esta contía será a mesma para todas as horas e períodos tarifarios.

CCOSh: contía relativa ao pagamento dos comercializadores para o financiamento da retribución do operador do sistema, expresada en euros/MWh e fixada de acordo coa normativa de aplicación. Esta contía será a mesma para todas as horas e períodos tarifarios.

CAPH: pagamento dos mecanismos de capacidade de xeración correspondente ao consumo na hora h, expresado en euros/MWh, e fixados de acordo coa normativa de aplicación en cada momento.

INTTh: contía horaria relativa ao pagamento dos comercializadores de referencia para o financiamento do servizo de interrompibilidade expresada en euros/MWh de acordo co previsto na normativa de aplicación. Este prezo será calculado polo operador do sistema e publicado o día anterior ao da subministración, para cada unha das 24 horas do día seguinte.

TÍTULO IV

Oferta alternativa dos comercializadores de referencia a prezo fixo para os consumidores con dereito ao prezo voluntario para o pequeno consumidor

Artigo 13. *Definición da oferta alternativa para os consumidores con dereito ao prezo voluntario para o pequeno consumidor.*

1. Cada comercializador de referencia estará obrigado a realizar unha oferta alternativa ao prezo voluntario para o pequeno consumidor aos consumidores con dereito ao dito prezo voluntario na cal se estableza un prezo fixo da subministración para un período dun ano.

Esta oferta será uniforme en cada momento para todos os consumidores con dereito a prezo voluntario para o pequeno consumidor en todo o territorio español. No caso de comercializadoras de referencia que non exerzan a actividade en todo o territorio español, a oferta realizarase para o ámbito territorial que lles corresponda.

2. Todos os comercializadores de referencia terán a obrigaón de manter unha única oferta vixente en cada momento.

3. A obrigaón de realizar a oferta a prezo fixo considerarase cumprida mediante a súa publicación na páxina web da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

Artigo 14. Condicións da oferta a prezo fixo anual para os consumidores con dereito ao prezo voluntario para o pequeno consumidor.

1. A oferta a prezo fixo anual deberá recoller de forma diferenciada, clara e inequívoca os seguintes conceptos:

a) Os prezos que correspondan ás peaxes de acceso e, cando proceda, os cargos e outros custos que sexan de aplicación á subministración, facendo constar a normativa pola que se fixen e as súas condicións de facturación e indicando aqueles que poidan ser obxecto de revisión.

b) Un prezo polo resto do custo da subministración eléctrica, que será fixo durante todo o período anual de vixencia do contrato e virá expresado en euros/kWh.

2. A oferta poderá ser de aplicación a calquera consumidor con dereito ao prezo voluntario para o pequeno consumidor.

3. A oferta deberá recoller o importe final, incluídos todos os conceptos. Esta información debe aparecer en lugar destacado da oferta.

Non obstante, e co obxecto de facilitar unha maior claridade e transparencia na formación do prezo, desagregarase esta información comunicando os impostos, peaxes, cargos e demais custos que o compoñen.

4. A oferta non incluírá ningún outro produto ou servizo, sexa enerxético ou non, ofrecido directamente polo comercializador de referencia ou por terceiros.

No caso de que o consumidor optase por alugarlle á empresa distribuidora o equipamento de medida, deberase especificar separadamente o seu prezo, facendo constar a normativa pola que foi establecido.

5. O prezo ofrecido para o resto do custo da subministración eléctrica só poderá ser obxecto de revisión transcorrido o prazo dun ano desde a formalización do correspondente contrato de subministración, de acordo coa oferta en vigor en cada momento.

Os prezos correspondentes ás peaxes de acceso e, cando proceda, os cargos e outros custos que sexan de aplicación á subministración, poderán ser obxecto de revisión de acordo coa normativa que corresponda.

En ambos os casos a oferta deberá recoller de forma clara, comprensible e transparente as condicións de revisión.

6. Os comercializadores de referencia deberán comunicar as ditas ofertas á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, que comprobará a adecuación das súas condicións ao previsto no presente real decreto e publicaraas na súa páxina web nun prazo máximo de 5 días desde a súa recepción xunto ás restantes ofertas comerciais anuais remitidas.

O período de validez da oferta, unha vez publicada na páxina web da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, será, como mínimo, dun mes, e será de aplicación polo prazo dun ano unha vez formalizado o correspondente contrato de subministración.

7. A duración do contrato da oferta a prezo fixo anual que se formalice entre o comercializador de referencia e o consumidor con dereito ao prezo voluntario para o pequeno consumidor será dun ano.

No contrato que se formalice establecerase dunha maneira clara e comprensible para efectos de elección polo consumidor que, ao finalizar o contrato, de non mediar

consentimento expreso do consumidor, poderá ser aplicada polo comercializador de referencia unha destas dúas opcións:

- a) o prezo voluntario para o pequeno consumidor, ou
- b) a renovación da oferta a prezo fixo anual vixente e publicada na páxina web da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia na data correspondente ao da factura anterior á data de finalización do contrato.

A aceptación polo consumidor no momento de contratación de calquera destas dúas alternativas realizarase sobre unha base de opción de inclusión.

En calquera caso, o comercializador de referencia deberá remitir ao consumidor unha comunicación, por escrito ou por calquera medio que teña un soporte duradeiro, na factura anterior á data de finalización do contrato e, en todo caso, un mes antes.

Nesta comunicación deberán constar a data de finalización e as diferentes alternativas de contratación existentes para o consumidor. Reflectiranse as novas condicións ofertadas para a súa renovación de acordo coa oferta en vigor en cada momento e, expresamente, que se o consumidor non solicita un novo contrato, xa sexa co mesmo comercializador de referencia ou con calquera outro comercializador, a partir da data de finalización do contrato seralle de aplicación automaticamente a modalidade de contratación determinada pola súa elección para estes casos no contrato formalizado.

En todo caso, resultará de aplicación a opción que elixise o consumidor no seu contrato en canto non se produza o efectivo cambio de comercializador e unha vez que finalizase o contrato a prezo fixo anual.

8. A oferta a prezo fixo anual deberá indicar de forma clara as posibles penalizacións que se aplicarán ao consumidor no caso de rescisión anticipada do contrato por vontade do consumidor antes da data de finalización deste.

En ningún caso o comercializador de referencia poderá rescindir unilateralmente o contrato a prezo fixo anual antes da súa finalización, salvo nos supostos de suspensión de subministración.

En caso de que o consumidor rescinda unilateralmente o contrato a prezo fixo anual antes da súa finalización, as penalizacións máximas por rescisión de contrato que poderá impor o comercializador de referencia, cando este acredite que se lle causaron danos, non poderán exceder o 5 por cento do prezo do contrato pola enerxía estimada pendente de subministración. Para este efecto, empregarase o método de estimación de medidas vixente para o cambio de comercializador.

TÍTULO V

Definición e estrutura dos prezos das tarifas de último recurso

Artigo 15. *Tarifas de último recurso.*

1. De acordo co establecido no artigo 17.3 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, as tarifas de último recurso resultarán de aplicación:

- a) Aos consumidores que teñan a condición de vulnerables.
- b) A aqueles consumidores que, sen cumpriren os requisitos para a aplicación do prezo voluntario para o pequeno consumidor, transitoriamente non dispoñan dun contrato de subministración en vigor cun comercializador en mercado libre.

2. Os comercializadores de referencia deberán atender as solicitudes de subministración de enerxía eléctrica e formalizar os correspondentes contratos cos consumidores a que se refiren os números anteriores. As condicións do contrato que se formalice cos consumidores que teñan a condición de vulnerables rexeranse polo establecido para os contratos dos consumidores acollidos ao prezo voluntario para o pequeno consumidor.

Non obstante, o comercializador de referencia quedará exceptuado da obrigaón establecida no parágrafo anterior nos supostos e coas condicións previstas no artigo 4.2.

Artigo 16. *Prezo da tarifa de último recurso para os consumidores vulnerables.*

1. O prezo da tarifa de último recurso que deberán pagar ao comercializador de referencia os consumidores vulnerables pola electricidade consumida será o que resulte de aplicar á subministración o previsto no título III para o cálculo do prezo voluntario para o pequeno consumidor, descontando un 25 por cento en todos os termos que o compoñen.

2. Por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, poderase modificar a dita porcentaxe.

3. O bono social aplicado ao consumidor vulnerable será a diferenza que resulte entre a facturación correspondente ao prezo voluntario para o pequeno consumidor e a facturación a tarifa de último recurso.

4. De conformidade co artigo 17. 5 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, sobre as tarifas de último recurso para cada categoría de consumo aplicaranse os correspondentes impostos.

Artigo 17. *Prezo da tarifa de último recurso para os consumidores que, sen teren dereito a acollerse ao prezo voluntario para o pequeno consumidor, transitoriamente carecen dun contrato de subministración.*

1. O prezo da tarifa de último recurso que deberán pagar ao comercializador de referencia pola electricidade consumida os consumidores sen dereito a acollerse ao prezo voluntario para o pequeno consumidor, e que transitoriamente carecen dun contrato de subministración en vigor cun comercializador e continúen consumindo electricidade, será o que resulte de aplicar para o seu cálculo de forma aditiva na súa estrutura os seguintes termos:

a) Os termos das peaxes de acceso que correspondan ao punto de subministración a que se debe realizar a facturación, incrementados nun 20 por cento.

b) O resto de termos que inclúe o prezo voluntario para o pequeno consumidor de acordo co previsto no título III para o cálculo do prezo voluntario para o pequeno consumidor correspondente ao consumidor con peaxe de acceso 2.0A sen discriminación horaria incrementados nun 20 por cento en todos os seus conceptos.

2. Por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, poderanse modificar as porcentaxes establecidas no número anterior.

3. O comercializador de referencia aboará ao distribuidor por estes consumidores a peaxe de acceso que lles corresponda de acordo co establecido no Real decreto 1164/2001, do 26 de outubro, e na súa normativa de desenvolvemento.

4. Ademais do anterior, os ingresos que por aplicación do número 1 obteñan os comercializadores de referencia por encima dos correspondentes ao prezo voluntario para o pequeno consumidor terán a consideración de ingresos liquidables, e o comercializador de referencia deberá proceder ao seu aboamento ao distribuidor a que estea conectado o consumidor nun prazo máximo de 10 días desde que tales ingresos se produzan. O distribuidor declarará tales ingresos para os efectos do Real decreto 2017/1997, do 26 de decembro, polo que se organiza e se regula o procedemento de liquidación dos custos de transporte, distribución e comercialización a tarifa, dos custos permanentes do sistema e dos custos de diversificación e seguridade de abastecemento.

5. De conformidade co artigo 17. 5 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, sobre as tarifas de último recurso para cada categoría de consumo aplicaranse os correspondentes impostos.

TÍTULO VI

Contratos de subministración de enerxía eléctrica e obrigacións de transparencia e información

CAPÍTULO I

Contratos de subministración de enerxía eléctrica con comercializadores de referencia

Artigo 18. *Contratos necesarios para a subministración de enerxía.*

1. Con carácter xeral, os consumidores con dereito a quedaren acollidos aos prezos voluntarios para o pequeno consumidor contratarán conxuntamente a adquisición da enerxía e o acceso ás redes co mesmo comercializador de referencia. Neste caso, o dito comercializador contratará co distribuidor o acceso ás redes en nome do consumidor, e quedará obrigado a comunicar a duración do contrato de adquisición de enerxía, o cal non será efectivo até que non se dispoña do acceso á rede.

En todo caso, o comercializador de referencia será responsable do cumprimento das obrigacións previstas na letra d) do artigo 46.1 da Lei 24/2013, do 26 de decembro.

2. O contrato de adquisición de enerxía será formalizado entre o consumidor con dereito ao prezo voluntario ao pequeno consumidor e o comercializador de referencia co contido mínimo previsto no artigo seguinte.

O comercializador de referencia deberá dispor, en todo momento, da documentación que acredite a vontade do cliente de contratar a subministración no seu nome.

3. Os consumidores que opten por contratar de forma separada a adquisición da enerxía e o acceso á rede, deberán contratar directamente co distribuidor o acceso ás redes e quedarán obrigados a acreditar o contrato de adquisición de enerxía, así como a súa duración e o suxeito concreto con quen o teñen suscrito.

4. En todo caso, o titular do contrato de subministración e, se for o caso, de acceso, deberá ser o efectivo usuario da enerxía, que non a poderá utilizar en lugar distinto para o que foi contratada, nin cedela, nin vendela a terceiros.

5. As condicións xerais incluídas nos contratos serán equitativas e transparentes, e deberán adecuarse ao establecido na normativa vixente en materia de contratos cos consumidores. Explicaranse nunha linguaxe clara e comprensible e non incluírán obstáculos non contractuais ao exercicio dos dereitos dos clientes.

Estas condicións daranse a coñecer con antelación suficiente e, en calquera caso, deberán comunicarse antes da celebración ou confirmación do contrato. Cando os contratos se celebren a través de intermediarios, a información antes mencionada comunicarse, así mesmo, antes da celebración do contrato.

En todo caso, antes de que o usuario quede vinculado por calquera contrato a distancia ou celebrado fóra do establecemento, o comercializador de referencia facilitaralle de forma clara e comprensible a información a que se refire o artigo 97 do texto refundido da Lei xeral dos dereitos dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado por Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro.

Artigo 19. *Contido mínimo dos contratos.*

1. Os contratos de subministración de enerxía eléctrica cos comercializadores de referencia dentro do ámbito de aplicación do presente real decreto deberán ter, como mínimo, claramente especificados os seguintes datos:

- a) Identidade e enderezo da empresa comercializadora de referencia.
- b) Modalidade de contratación aplicable á subministración, distinguindo expresamente se se trata de prezo voluntario ao pequeno consumidor ou prezo fixo anual.
- c) O código unificado de punto de subministración, número de póliza do contrato de acceso ou de subministración e potencias contratadas.

No caso de que o comercializador de referencia non contrate en nome do consumidor o acceso ás redes co distribuidor, o comercializador non estará obrigado a incluír no contrato de subministración o número de póliza do contrato de acceso.

d) Referencia da páxina web da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia na cal figuran as ofertas comerciais anuais para colectivos de consumidores.

e) Duración do contrato e condicións para a súa prórroga ou renovación.

f) Causas de rescisión e resolución do contrato e, se for o caso, penalizacións, así como o procedemento para realizar unha ou outras.

Indicaranse expresamente as causas de rescisión e resolución do contrato que sexan sen custo para o consumidor, entre as que figurará, no caso de que o consumidor estea acollido ao prezo voluntario para o pequeno consumidor, a do seu dereito a resolver o contrato por vontade unilateral do consumidor.

g) A información sobre prezos, incluídos os impostos, peaxes e cargos aplicables e, se for o caso, disposición oficial onde se fixen estes. Esta información deberá ser clara de forma que permita a comparación con outras ofertas, e deberá estar permanentemente actualizada, de acordo co establecido a este respecto en canto aos dereitos dos consumidores.

h) Información sobre o servizo de atención a queixas, reclamacións e incidencias en relación co servizo contratado ou ofertado, así como solicitudes de información sobre os aspectos relativos á contratación e subministración ou comunicacións. En concreto, o enderezo postal, servizo de atención telefónica e número de teléfono, ambos gratuítos, e o número de fax ou enderezo de correo electrónico ao cal o consumidor se poida dirixir directamente.

i) O procedemento de resolución de conflitos establecido de acordo co disposto na Lei 24/2013, do 26 de decembro, e na súa normativa de desenvolvemento.

j) Información sobre os equipamentos de medida e control necesarios que os consumidores deban ter instalados para a contratación da subministración eléctrica, e para a correcta facturación e aplicación das peaxes de acceso, cargos e demais prezos.

k) Recoñecemento do dereito á elección do medio de pagamento, de entre os comunmente utilizados no tráfico comercial.

l) Información referida ao tratamento dos datos de carácter persoal do cliente, nos termos exixidos pola lexislación vixente nesta materia.

m) Información relativa ao procedemento de suspensión da subministración de enerxía eléctrica.

n) Mecanismo de corrección de erros na facturación como consecuencia de erros administrativos e de medida, delimitando claramente o alcance e as responsabilidades do comercializador e do distribuidor.

o) Condicións de traspaso e subrogación do contrato.

p) Cláusulas baixo as cales se poderán modificar as condicións establecidas no contrato. O contido destas cláusulas será transparente e comprensible.

q) Dereitos de compensación e reembolso aplicables se non se cumpren os niveis de calidade contratados, así como demais dereitos dos consumidores en relación coa subministración.

2. O consumidor terá, ademais dos dereitos recollidos no artigo 44.1 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, dereito a que o comercializador de referencia o informe e asesore no momento da contratación sobre a peaxe de acceso e potencia ou potencias que se contraten máis conveniente, e demais condicións do contrato, así como a potencia adscrita á instalación de acordo co previsto na normativa de aplicación en materia de acometidas eléctricas.

3. Os consumidores deberán ser debidamente avisados de calquera intención de modificar as condicións de subministración cunha antelación mínima dun mes, e informados do seu dereito a resolver sen penalización ningunha o contrato cando reciban o aviso.

4. O contrato a prezo voluntario ao pequeno consumidor ou a prezo fixo anual non incluíra ningún outro produto ou servizo, sexa enerxético ou non, ofrecido directamente polo comercializador de referencia ou por terceiros.

CAPÍTULO II

Información e comparación de prezos

Artigo 20. *Obrigacións de información.*

1. Os comercializadores de referencia remitirán á Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición as condicións xerais de contratación que integren os contratos de subministración de enerxía eléctrica.

2. Os comercializadores de referencia deberán informar en todas as súas facturas os consumidores que cumpran as condicións para acollerse aos prezos voluntarios para o pequeno consumidor das opcións de contratación existentes, e da obrigaición dos ditos comercializadores de subministrarlles de acordo co disposto na normativa de aplicación.

Así mesmo, detallarán nas súas facturas as referencias ás páxinas web da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia onde se encontre a lista de todas as empresas comercializadoras, tanto de referencia como en mercado libre, indicando os seus teléfonos gratuítos e páxinas web, e deberán incluír en todas as facturas a referencia á páxina web onde se recollerá a información relativa aos requisitos que deben cumprir para ter dereito á tarifa de último recurso os consumidores vulnerables con dereito á aplicación do bono social e os datos do servizo de atención onde obter a dita información.

3. Sen prexuízo da obrigaición dos comercializadores de referencia de informar a través dos servizos de atención aos consumidores gratuítos, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia levará a cabo as medidas necesarias para informar os consumidores sobre o funcionamento do sistema eléctrico. Para tal efecto, publicará unha páxina informativa específica na súa páxina web que deberá estar actualizada coa información que remitirán as empresas comercializadoras sobre as súas ofertas, tanto aquelas a prezo fixo anual como as de mercado libre.

Ademais do anterior, a citada Comisión deberá habilitar na súa páxina web unha ferramenta que permita ao consumidor acollido ao prezo voluntario para o pequeno consumidor simular a súa facturación mediante a introdución dos datos necesarios, datas inicial e final de lectura, potencia contratada e consumo rexistrado en cada período tarifario, co obxecto de facilitar a información e seguimento da subministración de enerxía eléctrica. Esta ferramenta permitirá, ademais, comparar este prezo coas ofertas a prezo fixo anual en termos comparables e homoxéneos no tempo. Do mesmo modo, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia deberá publicar na súa páxina web unha lista cos comercializadores de referencia, incluíndo os seus datos de contacto actualizados, entre os que deben figurar un número de fax, un enderezo de correo electrónico e un enderezo de correo postal para a recepción de consultas, así como para a recepción de solicitudes de outorgamento do bono social.

Calquera feito que supoña a modificación dalgún dos datos definidos no parágrafo anterior será comunicado polo comercializador de referencia á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, no prazo máximo de 10 días contados a partir do momento en que se produza.

4. Sen prexuízo dos comercializadores de referencia, calquera empresa comercializadora que dispoña de ofertas comerciais anuais para colectivos de consumidores deberá comunicarlhas á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, atendendo aos requisitos e formalidades previstas nos artigos 13 e 14, quen as deberá publicar na súa páxina web, xunto co resto de ofertas dos comercializadores de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional novena da Orde ITC/3519/2009, do 28 de decembro, pola que se revisan as peaxes de acceso a partir do 1 de xaneiro de 2010 e as tarifas e primas das instalacións do réxime especial.

Disposición adicional primeira. *Lista de comercializadores de referencia.*

1. De conformidade co artigo 3.1 deste real decreto, désígnanse como comercializadores de referencia en todo o territorio español as seguintes empresas:

- a) Endesa Energía XXI, S.L.U.
- b) Iberdrola Comercialización de Último Recurso, S.A.U.
- c) Gas natural S.U.R. SDG, S.A.
- d) E.ON Comercializadora de Último Recurso, S.L.
- e) EDP Comercializadora de Último Recurso, S.A.

Os comercializadores de referencia así designados que, antes da entrada en vigor deste real decreto, fosen autorizados para exercer simultaneamente as obrigacións de subministración de último recurso no sector do gas poderán seguir realizándoo nunha única empresa de comercialización de referencia ou de último recurso.

2. En virtude do disposto no artigo 3.1, cada un dos grupos empresariais a que pertencen as empresas Cide HC-Energía, S.L., Empresa de Alumbrado Eléctrico de Ceuta, S.A. e Gaselec diversificación, S.L. deberá solicitar do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, no prazo máximo de dous meses desde a entrada en vigor deste real decreto, a designación dunha das sociedades que o integran como comercializador de referencia, xuntando para tal fin a documentación necesaria que acredite o cumprimento dos requisitos alí expresados. No caso de Empresa de Alumbrado Eléctrico de Ceuta, S.A. e Gaselec diversificación, S.L., deberase indicar, ademais, se queren exercer a actividade de comercialización en todo o territorio español ou unicamente no ámbito da súa cidade autónoma respectiva.

O Consello de Ministros designará, mediante real decreto, no prazo máximo de tres meses desde a presentación das ditas solicitudes e logo de informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, os referidos comercializadores de referencia, así como o seu ámbito de actuación.

Disposición adicional segunda. *Unificación das empresas comercializadoras de referencia ou de último recurso.*

Os grupos empresariais ou empresas que teñan simultaneamente obrigacións de subministración de comercializador de referencia ou de último recurso nos sectores de electricidade e gas, respectivamente, poderán proceder a unificar as ditas obrigacións nunha única empresa de comercialización de referencia ou de último recurso.

Para estes efectos, os ditos grupos empresariais ou empresas deberán remitir a súa solicitude ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo indicando o nome da sociedade que asumirá as obrigacións de referencia en ambos os sectores. O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo determinará a data a partir da cal se fará efectiva a transferencia á dita sociedade dos consumidores acollidos á tarifa de último recurso de gas ou, se for o caso, ao prezo voluntario para o pequeno consumidor de enerxía eléctrica.

Disposición adicional terceira. *Facturas de enerxía eléctrica e de gas.*

A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas poderá establecer por resolución, logo de trámite de audiencia:

- a) O contido mínimo obrigatorio e un formato tipo das facturas que deberán remitir aos consumidores os comercializadores de referencia ou de último recurso de electricidade ou de gas, respectivamente.
- b) O contido mínimo obrigatorio e un formato tipo voluntario das facturas que deberán remitir os comercializadores do mercado libre de electricidade aos consumidores en baixa tensión de até 15 kW de potencia contratada non acollidos ao prezo voluntario para o pequeno consumidor.

Disposición adicional cuarta. *Coefficientes de liquidación da enerxía do mercado.*

1. Para efectos de liquidación no mercado para elevar a barras de central a demanda medida dos comercializadores e consumidores directos en mercado aplicaranse uns coeficientes de liquidación horarios reais.

Os coeficientes de liquidación horarios reais serán calculados polo operador do sistema de maneira que a enerxía xerada sexa igual á demanda elevada a barras de central e para isto terá en conta, entre outras, as perdas reais medidas das redes e os efectos do perfilado.

Os coeficientes de liquidación horarios reais determinaranse en función do nivel de tensión e peaxe de acceso e, se for o caso, perfil de consumo.

2. O operador do sistema calculará e publicará a partir da entrada en vigor do presente real decreto a seguinte información:

a) Cunha antelación de ao menos dous días respecto ao día de subministración, o coeficiente de perdas de aplicación á subministración na hora h , $PERD_h$, definido no artigo 7 para efectos do cálculo do prezo voluntario para o pequeno consumidor. Este coeficiente determinarase en función do nivel de tensión e peaxe de acceso e, se for o caso, perfil de consumo.

b) Mensualmente, unha previsión dos coeficientes de perdas para o ano móbil seguinte, diferenciando en función do nivel de tensión e peaxe de acceso e, se for o caso, perfil de consumo.

3. O operador do sistema realizará, con carácter anual, un informe de valoración das diferenzas entre os coeficientes de perdas previstos publicados mensualmente, os coeficientes de perdas de aplicación á subministración publicados dous días antes de cada subministración e os coeficientes de liquidación horarios reais.

4. Para a liquidación da enerxía nos despachos dos territorios non peninsulares aplicarase o mesmo mecanismo establecido nesta disposición sen prexuízo das particularidades que, se for o caso, se establezan na normativa que regula a actividade de produción de enerxía eléctrica e o procedemento de despacho nos territorios non peninsulares.

5. Para efectos da aplicación do disposto na presente disposición adicional o operador do sistema:

a) Enviará, no prazo máximo dun mes a partir da entrada en vigor do presente real decreto, unha proposta de revisión dos procedementos de operación do sistema.

b) Enviará, con anterioridade ao 15 de novembro de 2014, á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, unha proposta de revisión dos perfís de consumo de aplicación aos consumidores sen medida horaria tendo en conta os resultados do panel representativo de consumidores previsto no artigo 32 do Regulamento unificado de puntos de medida do sistema eléctrico, aprobado polo Real decreto 1110/2007, do 24 de agosto.

A citada comisión procederá a informar sobre a dita proposta enviando o informe ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo antes do 1 de decembro.

Disposición adicional quinta. *Desenvolvemento de procedementos.*

1. Por resolución do secretario de Estado de Enerxía establecerase o procedemento onde se regule a comprobación, validación e peche dos datos procedentes dos equipamentos de medida conectados ao sistema de telexestión, así como os protocolos de intercambio de información, de seguridade e de confidencialidade desta entre os axentes para efectos de facturación e liquidación da enerxía. Para estes efectos, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia remitirá á Secretaría de Estado de Enerxía, no prazo máximo de dous meses desde a entrada en vigor deste real decreto, unha proposta dos citados procedementos, así como de calquera outra disposición que

fose necesario desenvolver para efectos da xestión da medida horaria dos equipamentos de medida conectados ao sistema de telexestión.

2. No prazo máximo que se estableza nas disposicións a que se refire o número anterior, os encargados da lectura deberán efectuar a telemedida de todos os contadores de telexestión instalados a subministracións en baixa tensión de até 15 kW de potencia contratada de acordo co plan de substitución de contadores previsto na disposición adicional primeira da Orde ITC/3860/2007, do 28 de decembro, pola que se revisan as tarifas eléctricas a partir do 1 de xaneiro de 2008.

Disposición adicional sexta. *Intercambio de información entre os operadores.*

1. O operador do sistema deberá comunicar ao Operador do Mercado Ibérico - Polo Español a información necesaria para o cálculo unitario medio por unidade de enerxía do valor de cada concepto dos custos para o conxunto de consumidores no agregado do sistema eléctrico.

2. Así mesmo, o Operador do Mercado Ibérico-Polo Español deberá comunicar ao operador do sistema a información necesaria para o cálculo unitario medio por unidade de enerxía do valor de cada concepto dos custos para o conxunto de consumidores no agregado do sistema eléctrico.

3. Tanto o operador do sistema como o Operador do Mercado Ibérico - Polo Español deberán publicar nas súas respectivas páxinas da internet os valores destes custos en cada hora, indicando, así mesmo, o custo final da enerxía e os compoñentes do prezo final en agregado e para cada tipo de consumidor.

Disposición adicional sétima. *Particularidades na aplicación da subministración ao prezo do pequeno consumidor e de último recurso nos sistemas non peninsulares.*

A comercialización de referencia de enerxía eléctrica nos sistemas non peninsulares rexeráse polas disposicións xerais aplicables no sistema eléctrico peninsular coas particularidades que se establecen a continuación:

a) Os comercializadores de referencia nestes sistemas adquirirán a enerxía eléctrica para a subministración aos seus consumidores acollidos a prezo voluntario para o pequeno consumidor e de tarifa de último recurso no despacho de enerxía correspondente a cada sistema non peninsular.

b) En canto non se desenvolvan os mecanismos para a incorporación de sinais de prezo eficientes ao consumidor establecidos no artigo 10 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, o prezo de adquisición da enerxía referida no parágrafo anterior será o custo de produción da enerxía en cada hora, CPh definido no artigo 9 e publicado polo operador do sistema, excluindo o pagamento para o financiamento da retribución do operador do mercado e do operador do sistema, así como os correspondentes aos mecanismos de capacidade. Adicionalmente ao prezo de adquisición antes definido, os comercializadores de referencia deberán cumprir coas obrigacións derivadas dos custos para o financiamento da retribución do Operador do Mercado Ibérico de Enerxía, Polo Español e do operador do sistema, así como dos mecanismos de capacidade de xeración que lle correspondan en función das peaxes de acceso das súas subministracións, de acordo coa normativa de aplicación.

Disposición adicional oitava. *Valores iniciais para o cálculo do prezo voluntario para o pequeno consumidor.*

1. Para efectos do cálculo do prezo marxinal na hora h da sesión n do mercado intradiario ($PMI_{h,n}$) establecido no artigo 10, tomarase unicamente a primeira sesión do mercado intradiario.

Por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo poderase determinar a consideración doutros mercados intradiarios.

2. O valor da marxe de comercialización fixa, MCF, definido no artigo 7, para cada unha das tarifas aplicables ao prezo voluntario para o pequeno consumidor a partir do 1 de abril de 2014 será de 4 euros/kW e ano.

Este valor poderá ser modificado por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

3. Sen prexuízo do anterior, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia elaborará e enviará ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo un informe sobre a marxe comercial que corresponde aplicar á actividade de comercialización de referencia para realizar a subministración de enerxía eléctrica a prezo voluntario do pequeno consumidor e a tarifa de último recurso, onde se detallen cada un dos custos de comercialización que incorpora.

Este informe, agás a información que teña carácter confidencial, será obxecto de publicación na páxina web da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia no prazo máximo de 15 días desde a súa remisión.

Disposición adicional novena. *Curvas de carga destinadas á subministración aos clientes.*

Os comercializadores de referencia deberán enviar antes do 15 de novembro de cada ano á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia a súa previsión das curvas de carga destinadas á subministración aos clientes con dereito aos prezos voluntarios para o pequeno consumidor para cada período anual, incluíndo o detalle dos consumidores vulnerables e os consumidores que, sen ter dereito a acollerse aos prezos voluntarios para o pequeno consumidor, transitoriamente carezan de contrato cun comercializador libre, coa desagregación en cada caso por cada categoría de peaxes de acceso existentes.

A dita comisión procederá a informar sobre as cantidades remitidas, valorándoas en función das súas previsións de evolución de demanda, remitindo o seu informe e, se for o caso, as cantidades revisadas, á Secretaría de Estado de Enerxía do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo antes do 10 de decembro de cada ano.

Disposición adicional décima. *Adaptación dos contratos vixentes.*

Os comercializadores de referencia deberán adaptar os contratos de subministración xa subscritos cos seus clientes ás disposicións do presente real decreto, con ocasión do seu vencemento ou do de calquera das súas prórrogas. Para estes efectos, o comercializador de referencia remitirá a cada cliente o novo contrato para a súa subscrición cunha antelación mínima dun mes. En ningún caso a dita adaptación poderá comportar penalizacións para os consumidores.

Esta obrigação será exigible a partir do 1 de xullo de 2014.

Disposición adicional décimo primeira. *Coordinación dos suxeitos na operación do sistema.*

As propostas de procedementos de operación de carácter técnico e instrumental necesarios para realizar a adecuada xestión técnica do sistema que, de acordo co artigo 31 Real decreto 2019/1997, do 26 de decembro, polo que se organiza e se regula o mercado de produción de enerxía eléctrica, serán presentadas polo operador do sistema para a súa aprobación polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, deberán ir acompañadas do informe dos representantes de todos os suxeitos do sistema definidos no artigo 6 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico.

O operador do sistema informará os suxeitos a que fai referencia o artigo 6 da referida lei das incidencias que se produzan no exercicio das súas competencias. Para estes efectos, o operador do sistema disporá dun servizo específico de atención aos ditos suxeitos.

Disposición adicional décimo segunda. *Aplicación de perfís de consumo.*

Sen prexuízo do previsto no artigo 8.2.b) do presente real decreto, os perfís finais para efectos de liquidación no mercado obteranse aplicando o método previsto na resolución do director xeral de Política Enerxética e Minas que se aprobe en desenvolvemento do previsto no artigo 32 do Regulamento unificado de puntos de medida do sistema eléctrico aprobado polo Real decreto 1110/2007, do 24 de agosto.

Disposición adicional décimo terceira. *Mandatos ao operador do sistema.*

1. O operador do sistema, no prazo dun mes a partir da entrada en vigor do presente real decreto, presentará ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo unha proposta de procedemento de estimación de cada un dos compoñentes do prezo voluntario para o pequeno consumidor para efectos da aprobación da resolución prevista no número 2 do anexo I deste real decreto.

2. Así mesmo, o operador do sistema, no prazo de dous meses a partir da entrada en vigor do presente real decreto, presentará ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo unha proposta de revisión dos procedementos de operación do sistema que resulten necesarios para a aplicación do previsto nel.

Disposición transitoria primeira. *Período transitorio de adaptación.*

1. O disposto nos títulos III e V deste real decreto será de aplicación a partir do 1 de abril de 2014.

Para estes efectos, os consumidores subministrados por un comercializador de referencia que estivesen acollidos aos prezos voluntarios para o pequeno consumidor en 31 de marzo de 2014 seguirán sendo subministrados polo dito comercializador aplicando o novo prezo voluntario para o pequeno consumidor definido no presente real decreto a partir do 1 de abril de 2014.

O anterior entenderase sen prexuízo das solicitudes de modificación da modalidade de contratación que realice o consumidor.

2. Os comercializadores de referencia disporán dun prazo máximo até o 1 de xullo de 2014 para a adaptación dos seus sistemas co fin de realizar a facturación aos consumidores en aplicación do disposto nel.

Nas facturacións que realice cada comercializador de referencia con anterioridade á adaptación dos seus sistemas aplicarase, con carácter transitorio, o prezo voluntario para o pequeno consumidor aprobado por Resolución do 31 de xaneiro de 2014, da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, pola que se revisa o custo de produción de enerxía eléctrica e os prezos voluntarios para o pequeno consumidor.

Unha vez realizada a adaptación dos seus sistemas, o comercializador procederá na facturación inmediatamente posterior que corresponda á regularización ao consumidor das facturacións que, con carácter transitorio, se realizasen con aplicación do prezo establecido no parágrafo anterior. Na dita regularización deberanse facer constar as diferenzas entre o dito prezo e o resultante do novo mecanismo de cálculo establecido na presente norma a partir do 1 de abril de 2014. A cantidade que resulte das ditas diferenzas virá reflectida de forma separada na factura acompañada da rúbrica, segundo proceda, «Devolución prezos a partir do 1 de abril de 2014» ou «Regularización prezos a partir do 1 de abril de 2014»

No momento en que, de acordo co previsto na disposición transitoria terceira do presente real decreto, se deba incluír na facturación a contía que corresponda por aplicación do termo DIF, esta detallarase de forma separada.

Os consumos de enerxía que correspondan a un período de facturación que incluíse algún período anterior ao 1 de abril distribuiranse, para efectos da súa refacturación, proporcionalmente á parte do tempo transcorrido en que estivese en vigor cada un dos mecanismos de cálculo do prezo voluntario para o pequeno consumidor.

3. Para o cálculo do bono social nas facturacións dos consumidores que se realicen a partir do 1 de abril de 2014 até que realicen a adaptación dos sistemas os comercializadores de referencia, aplicaranse transitoriamente os prezos voluntarios para o pequeno consumidor calculados conforme o número anterior e as tarifas de referencia establecidas na Orde IET/843/2012, do 25 de abril, pola que se establecen as peaxes de acceso a partir do 1 de abril de 2012 e determinadas tarifas e primas das instalacións do réxime especial.

Unha vez realizada a adaptación dos sistemas, o comercializador procederá, na facturación inmediatamente posterior que corresponda, á regularización ao consumidor acollido ao bono social das facturacións do primeiro trimestre de 2014, así como das aplicadas con carácter transitorio de acordo co parágrafo anterior. En ningún caso as regularizacións correspondentes ao primeiro trimestre de 2014 poderán supor un incremento do prezo fronte ao aplicado nese período.

4. O incumprimento por parte dos comercializadores de referencia da obrigaición de adaptar os seus sistemas de facturación ao novo mecanismo no prazo máximo de tres meses contados desde a entrada en vigor do presente real decreto será sancionado de conformidade co disposto no título X da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico.

5. Ademais do anterior, na primeira facturación que realicen as empresas comercializadoras de referencia a partir do 15 de abril de 2014 aos consumidores que estivesen acollidos a prezo voluntario para o pequeno consumidor informarase do mecanismo previsto de acordo co modelo recollido no anexo II.

Así mesmo, as comercializadoras de referencia enviarán, xunto ás seguintes facturas que remitan, a información institucional nos termos que determine o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

6. Para o cálculo das tarifas de último recurso de aplicación aos consumidores que carecen de contrato en vigor cun comercializador e non teñen dereito a quedar acollidos ao prezo voluntario para o pequeno consumidor nas facturacións que se realicen a partir do 1 de abril de 2014 até que se realice a adaptación dos sistemas, aplicaranse transitoriamente os prezos voluntarios para o pequeno consumidor calculados conforme o número 2 desta disposición.

Unha vez transcorrido o prazo de adaptación dos sistemas, o comercializador procederá na facturación inmediatamente posterior que corresponda, á regularización ao consumidor das facturacións que, con carácter transitorio, se realizasen con aplicación do prezo establecido no parágrafo anterior. Na dita regularización deberanse facer constar as diferenzas entre o dito prezo e o resultante do novo mecanismo de cálculo establecido na presente norma a partir do 1 de abril de 2014.

Disposición transitoria segunda. *Prazo para comunicar as ofertas.*

Antes do 15 de abril de 2014 os comercializadores de referencia deberán comunicar as ofertas a que se refire o artigo 13 á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

Disposición transitoria terceira. *Regularización de cantidades por aplicación do mecanismo de cobertura previsto no Real decreto lei 17/2013, do 27 de decembro, polo que se determina o prezo da enerxía eléctrica nos contratos suxeitos ao prezo voluntario para o pequeno consumidor no primeiro trimestre de 2014.*

1. Por resolución do director xeral de Política Enerxética e Minas determinarase, así mesmo, o valor do termo DIFp, expresado en euros/kWh, que se deberá aplicar polos comercializadores de referencia na facturación do consumo correspondente ao primeiro trimestre de 2014 a cada tipo de consumidor en cada período tarifario p. Esta cantidade será de aplicación aos consumidores aos cales subministrasen aos prezos voluntarios para o pequeno consumidor durante o primeiro trimestre de 2014, correspondente á aplicación do mecanismo de cobertura aos comercializadores de referencia baseado na liquidación por diferenzas de prezos previsto no artigo 2 do Real decreto lei 17/2013, do

27 de decembro, polo que se determina o prezo da enerxía eléctrica nos contratos suxeitos ao prezo voluntario para o pequeno consumidor no primeiro trimestre de 2014.

O valor do termo DIFp calcularase de acordo co seguinte:

$$\text{DIFp} = \frac{\text{ImpC}}{\text{DemTot}} * (1 + \text{PERDp})$$

Onde:

DIFp: cantidade que se aplicará ao consumo do primeiro trimestre en cada período tarifario p derivada da aplicación do mecanismo de cobertura aos comercializadores de referencia (en euros/MWh).

ImpC: importe correspondente á aplicación do mecanismo de cobertura previsto e calculado de acordo co disposto no artigo 2 do Real decreto lei 17/2013 no primeiro trimestre de 2014, expresada en euros.

DemTot: demanda total subministrada no primeiro trimestre de 2014 polos comercializadores de referencia en barras de central e destinadas á subministración a consumidores acollidos ao prezo voluntario para o pequeno consumidor, expresada en MWh.

PERDp: coeficiente de perdas establecido na normativa para elevar a barras de central o consumo lido en contador do consumidor no período tarifario p.

2. O valor do termo DIF será calculado pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia a partir da información que poderá solicitar ao Operador do Mercado Ibérico de Enerxía-Polo Español a Red Eléctrica de España, como operador do sistema e aos comercializadores de referencia. Unha vez realizado o cálculo, a dita comisión informará o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo con antelación suficiente para efectos da súa aprobación e publicación con anterioridade ao 15 de maio de 2014 no «Boletín Oficial del Estado».

3. Unha vez publicado o valor do termo DIF, os comercializadores de referencia procederán á súa aplicación na primeira facturación que se realice, unha vez efectuada a adaptación dos seus sistemas, aos consumidores acollidos aos prezos voluntarios para o pequeno consumidor aos cales subministrasen no primeiro trimestre de 2014 polo consumo correspondente. Se un consumidor for subministrado por máis dun comercializador de referencia durante o primeiro trimestre de 2014, cada un deles aplicará o termo DIF ao período en que fose subministrado. Así mesmo, se un consumidor acollido ao prezo voluntario para pequeno consumidor for subministrado polo comercializador de referencia durante un período inferior ao trimestre, unicamente se lle aplicará o termo DIF ao consumo do dito período.

A cantidade que deberá figurar na factura será o resultado de multiplicar o termo DIF aprobado polo consumo a prezo voluntario para o pequeno consumidor de cada subministración que corresponda ao primeiro trimestre de 2014, considerando o previsto no parágrafo anterior, de acordo coa normativa vixente en materia de repartición da medida entre períodos con diferentes prezos.

A dita cantidade virá reflectida de forma separada na factura acompañada da rúbrica, «Devolución prezos xaneiro-marzo 2014».

Esta cantidade deberá figurar na mesma factura en que se reflecta a contía resultante de aplicar a regularización prevista no número 2 da disposición transitoria primeira.

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia supervisará a correcta realización destas regularizacións polos comercializadores de referencia nas súas facturas aos consumidores.

4. Os comercializadores de referencia declararán ao organismo encargado das liquidacións os ingresos ou custos que, se for o caso, obteñan os comercializadores de referencia, calculados como diferenza entre os valores resultantes da aplicación do mecanismo de cobertura previsto no Real decreto lei 17/2013, do 27 de decembro, e os

valores resultantes de aplicar o previsto na presente disposición transitoria aos seus consumidores acollidos ao prezo voluntario do pequeno consumidor. O organismo encargado das liquidacións creará, para estes efectos, unha conta específica en réxime de depósito e será responsable da súa xestión para efectos da realización das oportunas regularizacións das cantidades correspondentes.

Esta regularización realizarase unha vez coñecida a información necesaria declarada polos comercializadores de referencia. Ao finalizaren as oportunas liquidacións, o organismo encargado das liquidacións procederá a integrar o saldo da conta no sistema xeral de liquidacións das actividades reguladas na primeira liquidación que efectúe.

Disposición transitoria cuarta. *Información que deben remitir os comercializadores de referencia para o período do 1 de abril de 2014 até o 31 de decembro de 2014.*

Os comercializadores de referencia deberán enviar á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo no prazo máximo de 10 días desde a entrada en vigor deste real decreto a súa previsión das curvas de carga destinadas á subministración aos prezos voluntarios para o pequeno consumidor para o período comprendido entre o 1 de abril e o 31 de decembro de 2014, incluíndo o detalle dos consumidores vulnerables e os consumidores que, sen ter dereito a acollerse aos prezos voluntarios para o pequeno consumidor, transitoriamente carezan de contrato cun comercializador libre, coa desagregación, en cada caso, por cada categoría de peaxes de acceso existentes.

Disposición transitoria quinta. *Publicación e cálculo dos termos do custo de produción do prezo voluntario para o pequeno consumidor.*

1. O operador do sistema publicará na súa páxina web a partir do 31 de marzo de 2014 os valores dos compoñentes do prezo voluntario para o pequeno consumidor e os coeficientes horarios do perfil de consumo axustado de conformidade cos artigos 7.7, disposición adicional décimo segunda e esta disposición.

A partir do 31 de marzo de 2014 e até que sexa aprobada a resolución que se determina no anexo I.2 do presente real decreto, o cálculo dos valores dos compoñentes do custo de produción de enerxía eléctrica establecidos no artigo 9 será realizado de acordo cos seguintes puntos.

2. Para o cálculo de Pmh considerarase, ademais dos resultados do mercado diario, os valores de prezo marxinal e enerxía casada na primeira sesión do mercado intradiario.

3. Na determinación de SAh considerarase o seguinte:

a) No cálculo de PMASH incluíranse os valores dos servizos de axuste que se convocasen e cuxo resultado sexa coñecido antes das 20.15 horas do día anterior ao da subministración seguintes:

- 1.º Restricións técnicas.
- 2.º Reserva de potencia que se vai subir.
- 3.º Banda de secundaria.

O valor do resto de compoñentes dos servizos de axuste estimarao para cada mes o operador do sistema tendo en conta valores históricos, e poderá ser o mesmo para todas as horas do mes.

b) CDSVh: prezo horario do desvío por MWh consumido dos comercializadores de referencia, cuxo valor estimará para cada mes o operador do sistema tendo en conta valores históricos, e poderá ser o mesmo para todas as horas do mes.

c) INTTh: prezo horario correspondente ao pagamento dos comercializadores de referencia para o financiamento do servizo de interrompibilidade, expresado en euros/MWh, de acordo co previsto na normativa de aplicación. Este prezo será calculado polo operador do sistema tomando o valor que corresponda ao prezo medio da asignación á demanda da retribución fixa do servizo de interrompibilidade que lle corresponda en

aplicación da Orde IET/2013/2013, do mes anterior ao da subministración. O seu valor poderá ser o mesmo para todas as horas do mes.

4. O operador do sistema calculará e publicará na súa páxina web o día anterior ao da subministración para cada unha das 24 horas do día seguinte os valores anteriores, así como os restantes compoñentes do termo Cph, e poraos á disposición dos suxeitos nun formato que permita o seu tratamento electrónico de acordo co previsto no presente real decreto.

Disposición transitoria sexta. *Aplicación do termo de enerxía reactiva.*

O termo de enerxía reactiva definido no número 5 do artigo 7 e o termo de facturación de enerxía reactiva definido no número 3 do artigo 8 non serán de aplicación até o 1 de xaneiro de 2019. A partir desa data será de aplicación a toda subministración que conte con equipamento de telexestión efectivamente integrado no dito sistema.

Non obstante o anterior, os consumidores conectados a tensións non superiores a 1 kV e con potencia contratada inferior ou igual a 10 kW estarán suxeitos ao establecido na letra a) segundo parágrafo do número 3 do artigo 9 do Real decreto 1164/2001, do 26 de outubro, polo que se establecen as peaxes de acceso ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica.

Disposición transitoria sétima. *Mecanismo transitorio de asignación do peche de enerxía en mercado.*

1. Até o 31 de marzo de 2015 existirá un peche de enerxía que se calculará como o saldo resultante da diferenza entre a enerxía xerada e a demanda medida dos comercializadores e consumidores directos en mercado elevada a barras de central cos coeficientes de perdas seguintes, que serán utilizados para efectos de liquidación no mercado:

a) Até o 31 de maio de 2014 aplicaranse os coeficientes de perdas recollidos no anexo III da Orde IET/107/2014, do 31 de xaneiro, pola que se revisan as peaxes de acceso de enerxía eléctrica para 2014.

b) Desde o 1 de xuño de 2014 e até o 31 de marzo de 2015 aplicaranse os coeficientes de perdas definidos na disposición adicional cuarta 2.a).

2. O peche de enerxía así calculado valorarase ao prezo do mercado diario. O saldo resultante terá a consideración de ingreso ou custo liquidable do sistema para os efectos do Real decreto 2017/1997, do 26 decembro, polo que se organiza e se regula o procedemento de liquidación dos custos de transporte, distribución e comercialización a tarifa dos custos permanentes do sistema e dos custos de diversificación e seguridade de abastecemento, e como tal se incluírá nas liquidacións do sistema eléctrico polo órgano encargado delas.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango en canto contradigan ou se opoñan ao disposto no presente real decreto.

2. En particular, quedan derogados:

a) O Real decreto 485/2009, do 3 de abril, polo que se regula a posta en marcha da subministración de último recurso no sector da enerxía eléctrica.

b) A Orde ITC/1659/2009, do 22 de xuño, pola que se establece o mecanismo de traspaso de clientes do mercado a tarifa á subministración de último recurso de enerxía eléctrica e o procedemento de cálculo e estrutura das tarifas de último recurso de enerxía eléctrica, salvo o capítulo VI e as disposicións adicionais primeira e sétima.

c) A Orde ITC/1601/2010, do 11 de xuño, pola que se regulan as poxas CESUR a que se refire a Orde ITC/1659/2009, do 22 de xuño, para os efectos da determinación do custo estimado dos contratos grosistas para o cálculo da tarifa de último recurso.

d) A disposición adicional quinta da Orde IET/843/2012, do 25 de abril, pola que se establecen as peaxes de acceso a partir do 1 de abril de 2012 e determinadas tarifas e primas das instalacións do réxime especial, sen prexuízo do establecido na disposición transitoria primeira.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

O presente real decreto ten carácter básico e dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.13 e 25 da Constitución española, que atribúen ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, e bases do réxime mineiro e enerxético.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento e aplicación.*

O ministro de Industria, Enerxía e Turismo ditará as disposicións que exixan o desenvolvemento e aplicación do presente real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 28 de marzo de 2014.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Enerxía e Turismo,
JOSÉ MANUEL SORIA LÓPEZ

ANEXO I

Información que publicará o operador do sistema para o cálculo do prezo voluntario para o pequeno consumidor

Os valores que o operador do sistema calculará e publicará na súa páxina web de acordo co artigo 7.7 do presente real decreto son os seguintes:

a) Os valores de todos e cada un dos compoñentes do termo do custo de produción de enerxía CPh do prezo voluntario para o pequeno consumidor:

Pmh: coa desagregación de cada unha das referencias de prezo utilizadas.

SAh: coa desagregación de cada un dos valores dos servizos de axuste que compoñen o termo PMASh, así como o valor de CDSVh.

OCh: coa desagregación de cada un dos valores que o compoñen, incluíndo as estimacións de INTh.

b) Os valores dos termos:

$$\frac{\sum_{h \in p} (TCU_h * ch)}{\sum_{h \in p} ch}$$

$$TEU_p + \frac{\sum_{h \in p} (TCU_h * ch)}{\sum_{h \in p} ch}$$

Ambos por separado e incluíndo a ferramenta a que se refire o artigo 8.2.b) que permita calcular cada unha das posibles combinacións destes termos en función da data de inicio e fin de lectura no último ano móbil de acordo artigo 8.2 do presente real decreto, diferenciando a peaxe de acceso e o período tarifario a que corresponde cada termo.

c) Os coeficientes horarios ch dos perfís de aplicación á subministración para a facturación dos consumidores de acordo co disposto no presente real decreto.

d) Os valores correspondentes ao termo PERDh, que se calcularán de acordo co definido no presente real decreto.

2. Por resolución do secretario de Estado de Enerxía determinaranse os seguintes aspectos:

a) A hora de publicación dos valores dos compoñentes necesarios para o cálculo do prezo voluntario para o pequeno consumidor que se deben publicar o día anterior ao da subministración, para cada unha das 24 horas do día.

b) O método de estimación dos compoñentes dos seguintes termos:

– Pmh: determinaranse os intradiarios que se considerarán para o seu cálculo.

– SAh: determinaranse o mecanismo de cálculo do valor de PMASh definindo os servizos de axuste que o compoñen de acordo coa normativa de aplicación en cada momento, e o mecanismo de estimación daqueles valores que non resulten coñecidos no momento da publicación. Así mesmo, determinarase o mecanismo de estimación do termo CDSVh.

– OCh: determinarase o mecanismo de cálculo do termo INTh.

c) Calquera outro aspecto necesario para a estimación dos compoñentes do prezo voluntario para o pequeno consumidor.

ANEXO II

Modelo de nota informativa que remitirán os comercializadores de referencia aos consumidores acollidos a prezo voluntario para o pequeno consumidor

INFORMACIÓN SOBRE O NOVO SISTEMA DE FACTURACIÓN DE ELECTRICIDADE

O 1 de abril de 2014 entrou en vigor o novo sistema para determinar o custo de enerxía da súa factura de electricidade, o *prezo voluntario para o pequeno consumidor (PVPC)*¹.

Vostede permanecerá nesta modalidade de contratación regulada **sen necesidade de realizar ningunha xestión pola súa parte, nin actuacións ou cambios no seu contador.**

Proximamente a súa empresa eléctrica procederá a devolverlle unha cantidade debido a que o prezo da electricidade no mercado durante o primeiro trimestre foi inferior ao establecido.

NOVO SISTEMA: PREZO VOLUNTARIO PARA O PEQUENO CONSUMIDOR (PVPC)

- Como ata agora a súa factura seguirá tendo dous compoñentes:
 - 1) O prezo de producir a electricidade.
 - 2) Un importe fixado polo Ministerio de Industria (peaxes) para pagar todas as actividades necesarias para levar a subministración eléctrica ata o seu fogar e o resto de custos a cargo do sistema eléctrico.
- **Co novo sistema de PVPC, que entrou en vigor o 1 de abril 2014, só se modifica a forma de calcular o prezo de producir a electricidade.** A partir de agora, vostede pagará unicamente, polo seu consumo durante un período de facturación, o prezo do mercado eléctrico². Desaparecen as poxas CESUR para a fixación do prezo da enerxía.
- **A súa empresa eléctrica dispón dun prazo máximo de 3 meses para emitir a súa factura de acordo co novo sistema.** Até ese momento continuaráselle aplicando o mesmo prezo do primeiro trimestre do ano, que se regularizará posteriormente.
- Proximamente **a súa empresa eléctrica procederá a devolverlle unha cantidade** proporcional ao seu consumo realizado debido a que o prezo da electricidade no mercado durante o primeiro trimestre foi inferior ao establecido.

ALTERNATIVAS AO PVPC

- **Se vostede prefire que o prezo que se aplique ao seu consumo de enerxía sexa o mesmo durante todo un ano poderá contratar un prezo fixo durante 12 meses pola enerxía eléctrica.** Informámolo de que todas as comercializadoras de referencia están obrigadas a ofertalo como alternativa ao PVPC. O dito prezo será fixado libremente por cada empresa comercializadora³.
- Tamén pode **contratar a subministración de enerxía eléctrica con calquera comercializador no mercado libre conforme o prezo e as condicións que, se for o caso, pacten.**

¹ Real decreto 216/2014, do 28 de marzo (BOE núm. 77, do 29 marzo de 2014).

² Poderá consultar estes prezos na páxina web de REE <http://www.esios.ree.es/web-publica/>

³ Poderá consultar e comparar as ofertas a prezo fixo anual vixentes actualmente dos distintos comercializadores de enerxía eléctrica na páxina web da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia www.cnmc.es